

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2021/7	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Renuncia da Alcaldesa»
Data	14 de xuño de 2021
Duración	Desde as 13:33 ata as 13:52 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	María Dolores Castiñeira Alén
Secretario	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel Gonzalez Gonzalez	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	NON
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ



Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	NON

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA



Dación de conta do escrito de M^a Dolores Castiñeira Alen de renuncia ao cargo de Alcaldesa e toma de coñecemento da mesma.

Sra. Alcaldesa: Bos días a todos e a todas benvidos a este pleno, darlle a benvinda a veciñanza a través das redes sociais. A dación de conta non permite o seu debate nin tampouco é necesaria a súa votación. Vou pasar a ler o escrito de renuncia que presentei a semana pasada, seguinte:

“María Dolores Castiñeira Alén, Alcaldesa do Concello de Salceda de Caselas,

EXPOÑO

PRIMEIRO. *Que o 26 de maio de 2019 se celebraron as eleccións municipais, ás que acudín formando parte da lista de Movemento Salceda.*

SEGUNDO. *Que o día 15 de xuño de 2019 foi celebrada a sesión constitutiva da nova corporación municipal onde tomei posesión do cargo de concelleira tras cumprir coas obrigación impostas pola Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral,*

TERCEIRO. *Que tomei posesión do cargo de Alcaldesa na mesma sesión plenaria tras ser elixida mediante votación ordinaria por sete votos a favor.*

CUARTO. *A miña investidura como Alcaldesa, estivo condicionada por un pacto con outra formación política, o PSdeG-PSOE, que puxo como requisito para chegar a un acordo de goberno o reparto do 50% do tempo de Alcaldesa, de maneira que eu ocuparía os primeiros dous anos e persoa que encabezaba a candidatura dese partido os seguintes dous anos, no presente mandato 2019-2023.*

Esta proposta, a pesares de ser extraordinaria, atópase dentro das posibilidades legais e permite a este equipo cumprir cunha alta porcentaxe do seu programa de goberno, e o máis importante, dá ao Concello estabilidade para aprobación de orzamentos, ordenanzas e outros acordos de vital importancia para o bo funcionamento da institución municipal.

Para poder dar paso o período de tempo en que a Alcaldía debe ser ocupada pola portavoz do PSdeG-PSOE, é preciso que eu presente a miña renuncia de forma voluntaria.

Estando a piques de cumprirse os dous anos da primeira etapa de goberno na alcaldía, e non habendo circunstancias de peso que fixeran replantexar a validez do pacto realizado entre Movemento Salceda e PSdeG PSOE tanto dende o punto de vista político como legal chega o momento de renunciar ao cargo de Alcaldesa do Concello de Salceda de Caselas, sen que esta renuncia afecte á miña permanencia como



Concelleira da Corporación de Salceda, para a que fun elixida nas urnas polos veciños e veciñas desta vila.

Quero indicar ademais que esta renuncia obedece exclusivamente ao cumprimento do pacto para a gobernabilidade do Concello, non existindo ningunha outra razón nin do eido laboral, nin político, nin moito menos do persoal.

Síntome capacitada para o posto que vin ocupando, onde traballei e xestionei, defendendo e coidando das veciñas e veciños desta localidade, independentemente da súas cores políticas, tratando de facerlles a vida mellor, e ao que espero volver se a veciñanza así o desexa.

E por todos estes motivos, manifesto a miña decisión de renunciar ao cargo de Alcadesa do Concello de Salceda de Caselas.

*Por todo o cal, **SOLICITO** que, de conformidade co artigo 40.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, se tome coñecemento polo Pleno deste Concello da miña renuncia ao cargo de Alcadesa, mantendo a miña condición de concelleira.”*

Dito isto como calquera outro punto da orde do día onde se realizan dacións de conta, antes de que peche esta sesión plenaria se alguén ten algunha cousa que dicir ou algo que salientar, como sempre dareivos a palabra.

Sr. Rodríguez Davila: Bos días a toda a veciñanza e a todos os presentes. En nome do grupo maioritario deste corporación, despois dos resultados electorais das eleccións municipais do ano 2019, onde a candidatura do Partido Popular acadou a maioría dos votos e polo tanto a maioría de concelleiros dos tres grupos que formamos parte desta corporación municipal, quero manifestar varias consideracións. A primeira é que lamentamos unha vez mais que a Alcadesa unilateralmente convocara este pleno neste horario, neste día, sen tan sequera consensuar ou polo menos trasladar a proposta ao portavoz e ao grupo popular, por iso tres compañeiros na mañá de hoxe non poden estar aquí por diferentes motivos persoais, laborais e tamén de maternidade, triste pero é así a realidade en este Concello.

En segundo lugar quería facer un breve conciso repaso destes dous últimos anos neste noso Concello e polo tanto das decisións que aquí no Pleno municipal encabezado pola Señora Dolores Castiñeira se viñeron de realizar e tomar acordos. Recentemente este pleno, co voto en contra deste grupo, aprobou a primeira relación de postos de traballo con todos os sindicatos en contra e coa maioría dos traballadores en contra. Aquí non se trouxo nada nos últimos cinco anos e concretamente nos últimos dous anos deste mandato coa señora Castiñeira á fronte nada ao referente ao Plan Xeral de Ordenación Municipal. Aplicou a maior suba de impostos na historia do noso Concello a través do catastrazo. É unha Alcadesa,



lexítima por suposto, e elixida democráticamente no pleno municipal pero que non foi candidata como cabeza de lista das pasadas eleccións e polo tanto os veciños non votaron directamente a Sra. Dolores Castiñeira como candidata, si como Concelleira, e non mal interpreten, tivemos ata o día de hoxe unha Alcaldesa democrática, elixida nun pleno democrático cos votos dos concelleiros do Partido Socialista e de Movemento Salceda pero, como digo, non elixida directamente como candidata á alcaldía nas pasadas eleccións municipais. É Alcaldesa ata o día de hoxe porque mañá a vai superar a Sra. Verónica Tourón, co menor número de concelleiros dun grupo político. Quen lidera e xestiona o noso Concello é unha alcaldesa récord en convocar plenos extraordinarios en horarios de mañá e logo din ser o goberno que defende a conciliación o consenso e o acordo, nunca antes sucedera tal cousa, porque teño que dicir, que todas as discrepancias que mantivemos o ex alcalde e eu en moitas cuestións, teño que agradecerlle que en algunhas si nos puxemos de acordo, no horario do pleno e no día do pleno, cousa que non sucedeu nunca nestes dous anos coa Sra. Dolores Castiñeira ao fronte. É o goberno mais caro da historia do noso concello, xa o era o do ex alcade e agora o supera a Sra. Dolores Castiñeira neste dous anos, unha autentica barbaridade.

Non quero deixar cousas importantes sen dicir. Quero por último en aras de cuestionar a xestión deste goberno bipartito nestes dous anos que superaron tristemente outro record que tiña a Sr. Ex alcalde, o número de facturas sen pagar dun ano para outro. Fai uns meses houbo dous recoñecementos extraxudiciais de crédito por importe de 1.952.000€, e dicir, case dous millóns de euros de facturas sen pagar do ano anterior, iso significa que de 5.000.000€ do orzamento se gastaron case 7.000.000€, iso é xestión económica, iso é saber dirixir unha administración pública, gastar un 40% máis do que poderían gastar nun ano, iso nunha familia e nunha empresa ou en calquera outra circunstancia da vida conlevaría o fulminante despido do responsable deste Concello.

Por último, Sra. Alcaldesa, como non todo é negativo, lle teño que dicir que lle agradezo as palabras que tivo para este grupo respecto a oposición e a forma de facer oposición deste grupo respecto da pandemia, polo tanto aí din a verdade absoluta e nós consideramos que ante todo está a saúde dos veciños, ante todo está intentar facer o mellor posible para que esta pandemia se levase do mellor xeito posible e entendendo que houbo erros importantes, tan solo hai que ver algunha fotografía que vostedes publicaron nas redes sociais dese Concello onde se miraban os medios que tiñan os traballadores deste Concello para facer fronte á limpeza e á desinfección de espazos públicos comparándonos con outros Concellos limítrofes, deixaba moito de desexar, pero nós calamos e non dixemos nada. Hai tempo de facer balance da súa xestión porque como digo, tristemente a pandemia aínda non rematou, pero nós optamos por unha oposición leal, ningunha crítica ao respecto deste ano e meses desta pandemia, nin unha nota de prensa, nada de nada, simplemente lealdade e colaboración co Concellos, asistindo ás reunións que se nos convocou. Por certo, lamentamos non participar en máis delas sobre todo no ultimo tempo para aquí, onde tivemos casos importantes desgraciadamente de COVID de



veciños e vostedes non tiveron a ben convocarnos, convidarnos a participar desas reunións de seguimento, si ao principio que non había ningún caso COVID. Non quero se mal pensado pero todo me apunta a que o que pretendían era dar unha imaxe de unidade, que é moi importante, pero de marketing, porque a realidade é que cando as cousas se puxeron crúas e duras non houbo ningunha reunión onde este grupo puido participar porque a Sra. Alcaldesa non nos convocou.

E xa para rematar temos que dicir que grazas a este grupo que fixo propostas sempre en positivo para defender os intereses dos veciños, vimos de aprobar no último pleno a rebaixa do IBI para o ano que ven, o tipo impositivo do 0,50 ao 0,40 e non era unha proposta da Alcaldía porque é unha proposta deste grupo, a través dun pleno extraordinario que solicitamos no mes anterior. Aí están as actas dos plenos, aí están os vídeos dos plenos, aí están as iniciativas dos diferentes grupos. Grazas a este grupo houbo ese pleno extraordinario onde acordamos rebaixar o tipo do 0,50 ao 0,40 para o ano que ven. Por iso nos alegramos que en certas cousas estiveramos de acordo, igual que os diferentes rogos pedíndolle a este goberno que atendesen demandas de veciños e veciñas que necesitan ver mellorada a súa vida, as súas infraestruturas e os seus camiños, pero lamentamos unha vez máis que a Alcaldesa decidan asfaltar anacos de estradas municipais diante de certas casas e noutras descaradamente paran de asfaltar e amosaremos as fotos para denunciálo publicamente.

E xa por último creo que é posible chegar a acordos importantes se hai vontade política de consensuar, de acordar, de dialogar e non só que queden en titulares porque a realidade nos di que nada mais lonxe da realidade. Por iso seguimos coa man tendida ao goberno, a pesar de ser o grupo maioritario estaremos na oposición porque o número de concelleiros no pleno así o decide, pero nós en aras de seguir sumando para defender, como digo, os intereses de todos os salcedenses, seguimos coa man tendida ao goberno para todo aquilo que precisen deste grupo municipal popular. Grazas a todos e que a partir de mañá se abra unha nova etapa no noso Concello.

Sra. Tourón Domínguez: Bo día a todos e todas, tamén as persoas que nos seguen dende as casas. Como ben dicía o compañeiro do Partido Popular, haberá tempo para facer balance, haberá tempo para que faga balance non só esta Corporación, senón tamén as veciñas e veciños dentro de dous anos nas eleccións municipais, pero hoxe estamos aquí nun pleno que creo que non corresponde facer balance. Hoxe estamos aquí dentro dun escenario, dentro dunha realidade democrática, cumprindo un acordo que se fixo entre dúas forzas políticas, con esixencias e cesións por ambas partes, como pasa en todas as negociacións e hoxe, como dicía antes, non é para facer balance, haberá tempo para elo. Hoxe é un pleno para agradecer e eu quero agradecer tanto na miña persoa como nos meus compañeiros do Partido Socialista o traballo de todo o equipo nestes dous anos e sobre todo o traballo de Loli Castiñeira como Alcaldesa á fronte. Eternamente agradecida polo compromiso, polo rigor, polo traballo feito e seguiremos traballando xuntas.



Sra. Alcadesa: Concordo con Verónica que toca facer agradecemento, especialmente agradecemento a todos os meus compañeiros e compañeiras do goberno que a pesares de moito non coincidir na nosa vida fomos quen de traballar cóbado con cóbado e evidentemente con diferenzas nalgúns aspectos, en canto a xestión ou ao mellor en canto a levar as cousas a diante, pero tendo claro que era necesario e así o fixemos, resolve-las con total cordialidade, con comunicación dentro do seno do goberno para buscar sempre o mellor. Ao final nos puxemos de acordo para buscar o mellor. A consistencia dun goberno que tiña que ser sólido, que tiña que sacar os asuntos adiante. A estabilidade do noso Concello, o progreso do noso Concello e sobre todo ofrecer unha mellor calidade de vida a nosa veciñanza. Durante estes dous anos agradecín sempre a postura do Partido Popular e hoxe non vai ser menos, creo que son unha persoa agradecida, teño carácter e gústame xestionar coa miña impronta, son exixente, incluso son exixente moitas veces en exceso comigo mesma pero son agradecida. Agradecinvos a vosa posición durante a pandemia e incluso noutros asuntos que creo que que estivemos a altura e sendo exemplares como Corporación e así mo fixeron chegar os compañeiros e compañeiras doutros Concellos de diferentes cores políticas e para mín iso é un orgullo, que a crispación como moito se dea nalgúns puntos do pleno pero que non pase de aí. Ante todo somos veciños e veciñas, somos persoas e nos debemos respecto moito mais alá do político, cada quen coas súas ideas pero entendo que ten que ser así, respecto e agradecemento e o meu agradecemento ao equipo pero tamén a toda a Corporación e as compañeiras e compañeiras que hoxe non se atopan aquí.

Si me permitides para pechar a este pleno, para min hoxe é un día especial porque me toda recoñecer a unha muller, a unha muller que no político foi un pilar fundamental na transformación de Salceda, na posta en valor da nosa cultura, de que nos sintamos orgullosos e orgullosas do que somos, do que temos, do noso entroido, da nosa música, de todo aquilo que amamos. Nestes dous anos ademais foi a xefa de gabinete do noso goberno, unha peza fundamental, unha peza que sería imposible sen ela levar toda a boa xestión que este Concello levou adiante, no persoal unha boa e xenerosa como ninguén, entregada, que presta a súa axuda sempre, que da resposta a todo porque é moi intelixente, sabe traballar en equipo sen distinguir moitas veces para quen, solo polo ben de equipo, polivalente, amable, educada, e cen adxectivos máis. A política permitíume coñecela, man a man, moitísimos anos, convertiunos en amigas e mil batallas vividas xuntas farán que non nos separemos nunca, estou segura, grazas Tere Pérez en nome de toda a Corporación, grazas amiga.

